De conformidade cos artigos 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e artigo 20 do Real Decreto 500/1990, o Concello Pleno en sesión extraordinaria de data 10 de xuño de 2021 aprobou inicialmente a modificación das base 12ª das bases de execución do orzamento, no referente ás bases reguladoras de subvencións, que resultou definitiva ao non terse presentado reclamacións durante o período de exposición pública. Faise público a base 12ª das bases de execución do orzamento de 2021, no referente ás bases reguladoras de subvencións, que queda redactada nos seguintes termos:

Base 12ª.- Concesión e pagamento de subvencións e outras transferencias.

(...)

2.De conformidade co artigo 17.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establécense as seguintes bases reguladoras de subvencións:

(...)

BASES PLAN DE AXUDA Á REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO MUNICIPIO DE FOLGOSO DO COUREL COMO CONSECUENCIA DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA PARA A XESTIÓN DA CRISE OCACIONADA POR COVID-19

1.- OBXECTO DA BASES

A situación xerada pola declaración do Estado de Alarma ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo coronavirus COVID 19, supuxo a adopción de medidas de actuación para o impulso da actividade económica no Municipio de Folgoso do Courel. Para conseguir a reactivación dos sectores económicos do noso municipio preténdese unha liña de axudas extraordinaria dotada con un orzamento de 20.000 euros, para actuacións no ámbito económico, mantemento da actividade económica e dos seus postos de traballo.

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión dunha liña de axudas para reducir o impacto dos danos económicos en negocios de empresarios/as e autónomos/as, ao terse visto afectados como consecuencia da declaración de estado de alarma para a xestión do COVID-19, ben por peche temporal ou por minoración ostensible da súa actividade.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente doutras Administracións ou entes, públicos ou privados, rexionais, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre e cando o importe total das axudas que se perciba non supere as perdas económicas derivadas do COVID-19 e os gastos necesarios para adecuación de locais para a reapertura dos seus negocios.

2.- NORMATIVA APLICABLE

1.- As presentes bases e convocatoria rexeranse, con carácter xeral, no non previsto nas mesmas, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), na Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- Así mesmo, están sometidas ao réxime de mínimos, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

3.-A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía destinada a atender a estas subvencións ascende a un importe total de 20.000 € do

vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación orzamentaria 433.47. Este crédito, por depender dun expediente de modificación orzamentaria, queda condicionado á efectiva dispoñibilidade do mesmo antes de proceder á concesión das axudas polos importes correspondentes. Así mesmo, no caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo a contía inicialmente consignada, poderase ampliar o crédito.

4.- BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas traballadoras por conta propia e as pequenas e medianas empresas que reúnan os seguintes requisitos:

Terse visto afectados como consecuencia da declaración do estado de alarma para a xestión do COVID-19, ben por peche temporal da actividade ou por minoración ostensible da súa actividade que supoña unha caída de máis do 45 % dos seus ingresos durante o exercicio 2020 en relación aos mesmos producidos en 2019. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período da actividade.

Que a actividade afectada polo peche temporal disposto polo estado de alarma, non se teña visto compensada por un incremento da facturación mediante un aumento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.

Que teñan o seu domicilio fiscal da actividade no municipio de Folgoso do Courel e radique no mesmo o centro de traballo afectado.

Que estean ao corrente de pago das súas obrigas tributarias e non tributarias co Concello de Folgoso do Courel e con outras administracións.

No caso de autónomos/as, estar afiliado como autónomo e coa alta en vigor na data das declaracións do estado de alarma (14 de marzo de 2020 ata o 21 de xuño de 2020 e dende o 25 de outubro de 2020 ata o 9 de maio de 2021).

No resto dos beneficiarios, estar legalmente constituídos e inscritos nos rexistros correspondentes, así como os datos de alta no Réxime de Seguridade Social ou Mutualidade que corresponda, na data da declaración dos estados de alarma.

5º.- ACCIÓNS OBXECTO DE AXUDA

Consideraranse actuacións obxecto desta axuda as seguintes:

As cotas relativas ao pago da cotización como traballador por conta propia no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou no que, no seu caso, corresponda da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais obrigatorias. Dito gasto non se considerará obxecto desta axuda cando teña sido subvencionado por outras administracións públicas.

No caso de autónomos/as ou micro pymes, se ten un ou máis traballadores ao seu cargo, gastos aboados ao persoal adscrito con data 25 de outubro de 2020. Será requisito previo ao cese temporal da actividade o cumprimento das garantías, obrigas e procedementos regulados na lexislación laboral.

No caso de cese de actividade que supoña unha caída de máis do 45% dos seus ingresos en 2020 en relación a 2019, deberá presentar a declaración e documentación requirida nestas bases.

Gastos de arrendamento de locais de negocio, sempre e cando non sexan parte dunha vivenda familiar e non exista relación de parentesco ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade co/coa arrendador/a do local, nin sexa socio/a partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a.

Gastos de mantemento de subministracións, maquinaria, instalacións e equipos adscritos directamente á actividade que se viña desenvolvendo.

Equipamento informático, tecnolóxico e formación relacionada coas novas tecnoloxías.

Asistencia experta externa para labores de desinfección dos equipos, instalacións e das persoas, así como, no seu caso adaptación dos locais esixidas pola normativa, exclusivamente en resposta á situación de continxencia.

A consultoría ou asistencia experta externa vinculada ao desenvolvemento, definición e implantación de solucións de conectividade e incorporación do teletraballo, de plans de seguridade ou continxencias, de plans de RRHH de conciliación, de plans de xestión da produción e a loxística e outros plans vinculados á resposta inmediata da situación de referencia.

Gastos correspondentes a primas de seguros da actividade

□ Pagos vencidos a provedores da actividade.

6º.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN E CONTÍA DAS AXUDAS

A contía total prevista para esta convocatoria é de 20.000 euros e aboarase con cargo ao Orzamento 2021, previas as modificacións orzamentarias precisas.

O importe máximo da axuda será de 1.000,00 €. A axuda deberá destinarse a paliar o impacto económico dos danos económicos resultantes do peche temporal de pequenos establecementos minoristas, de negocios por parte de empresarios/as e autónomos/as, ao terse visto afectados como consecuencia da declaración do estado de alarma para a xestión do COVID-19, ben por peche temporal ou por minoración ostensible do 45% ou máis redución da facturación en 2020 en relación a 2019, para todos aqueles solicitantes que cumpran os requisitos para ser beneficiarios.

O procedemento de concesión destas axudas será o de concorrencia competitiva. As axudas que se concedan serán adxudicadas tendo en conta os principios de publicidade, igualdade, concorrencia e obxectividade na concesión.

A axuda concederáse á solicitudes que reúnan tódolos requisitos establecidos nestas bases, atendendo aos criterios que a continuación se relacionan e ata o esgotamento do financiamento dispoñible nesta convocatoria.

O persoal técnico do Concello de Folgoso do Courel estudiará e valorará as solicitudes presentadas e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos aportados, en virtude dos cales deba formularse a resolución.

Unha vez avaliadas as solicitudes que cumpran tódolos requisitos, e ordenadas segundo os criterios establecidos, e finalizado o prazo de presentación de solicitudes indicado nas Bases,

procederáse á distribución do crédito previsto na convocatoria, de conformidade coas contías resultantes da aplicación do establecido no presente artigo e tendo en conta a contía máxima das axudas reguladas ata esgotar a dispoñibilidade orzamentaria.

A orde e importe da axuda adxudicarase tal e como se detalla a continuación:

Nº orde	Situación do establecemento segundo o RD926/2020 de 25 de outubro	Nº traballadores (incluído el/los promotor/es)	Importe da axuda
1	Cese temporal da actividade	1 traballador	800,00 €
2	45% ou máis redución da facturación	1 traballador	600,00 €
3	Cese temporal da actividade	2 ou máis traballadores	1.000,00 €
4	45% ou máis redución da facturación en relación a 2019	2 ou máis traballadores	750,00 €

Todos os solicitantes destas axudas que presentaran en prazo a súa solicitude e cumpridos os requisitos establecidos nestas bases, que non teñan sido obxecto de concesión da axuda por terse esgotado o crédito inicial asignado, quedarán en reserva á espera dunha posible ampliación do orzamento destinado a esta convocatoria.

Os criterios das bases para o desempate son os seguintes:

- 1.- Solicitantes con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- 2.- Mulleres.
- 3.- Prelación temporal entres solicitudes.

Aos efectos de determinar a prelación temporal entres solicitudes se considerará por esta orde, data e hora de presentación da solicitude. No caso de non estar completa, considerarase a mesma orde, unha vez completada tras o requirimento efectuado polo Concello.

7º.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A documentación que se presentará será a seguinte:

1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

a) DNI ou NIE acompañado de pasaporte no caso de autónomos. No caso de pequenas empresas xuntarase copia do DNI do administrador ou apoderado e do CIF da persoa xurídica solicitante.

b) Copia de escritura da entidade mercantil ou contrato de constitución da entidade sen personalidade xurídica. As entidades sen personalidade xurídica deberán achegar declaración asinada polos comeneiros ou socios conforme delegan a representación para solicitar a subvención e no seu caso, recibila un dos comeneiros ou socio.

c) Certificado actualizado de situación censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, ou domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.

d) Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

e) Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso da subvención.

f) Declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

-Que a súa facturación no ano 2020 sufrira unha redución, cando menos do 45% comparado coa facturación de todo o ano 2019.

- Que se compromete a manter a actividade durante o período de 3 meses como mínimo a partir do día seguinte a data de concesión da axuda económica.

-Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.

-Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

-Que, no caso de non estar ao corrente das obrigas tributarias e de ter débedas co Concello de Folgoso do Courel no momento da solicitude da axuda, e sempre que a débeda non supere o 80% da axuda solicitada, se comprometa a saldar as débedas no prazo de 15 días naturais desde a recepción da axuda e unha vez satisfeita a débeda o comunicará.

8º.- OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS.

Manter a actividade empresarial durante 6 meses, como mínimo a partir da resolución de concesión destas axudas.

Igualmente, os beneficiarios das axudas deberán manter a plantilla media de traballadores que tiñan na data de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, durante, a lo menos, os seis meses seguintes á finalización do período de peche obrigatorio e/ou diminución da actividade.

Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.

Proceder ao reintegro dos fondos percibidos por obter a axuda falseando as condicións requiridas para elo, ou ocultando aquelas que o tiveran impedido, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas na normativa de subvencións.

Os beneficiarios destas axudas estarán obrigados a prestar colaboración, e facilitar cantas evidencias sexan requiridas no exercicio das funcións de control que leve a cabo o Concello de Folgoso do Courel.

Os beneficiarios destas axudas, coa presentación da solicitude da axuda, autorizan expresamente ao Concello de Folgoso do Courel a solicitar e/ou facilitar información a outras

administracións e empresas públicas co obxecto de realizar as labores de comprobación e control da mesma en calquera das súas fases.

Os beneficiarios das presentes axudas estarán sometidos ás responsabilidades, infraccións e sancións reguladas na normativa de subvencións.

9º.- XUSTIFICACIÓN E PAGO DAS AXUDAS

A xustificación destas axudas e o cumprimento da súa finalidade consideraranse realizadas, mediante a presentación de toda a documentación esixida nestas bases, polo que unha vez resolta a concesión da axuda tramitarase o pago da mesma á persoa beneficiaria. Non entanto, no prazo dun mes desde a resolución da concesión da axuda, as persoas beneficiarias terán a obriga de presentar a documentación xustificativa do gasto realizado especificado nas presentes bases, ao que destinaron a presente axuda e declaración responsable de que o mesmo non foi obxecto de ningunha outra subvención. Todo elo, sen perxuízo do previsto no artigo anterior en relación coas obrigas das persoas e entidades beneficiarias.

A forma de pago realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada polo solicitante na solicitude.

10º.- SEGUIMIENTO, INSPECCIÓN E CONTROL

O Concello de Folgoso do Courel poderá levar a cabo as actividades que considere oportunas para controlar o cumprimento das obrigas contidas nestas bases. Neste exercicio, as persoas beneficiarias deberán aportar canta información lles sexa requirida, no seu caso.

11º.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO.

As solicitudes, que irán acompañadas da documentación e información requiridas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello. A presentación da solicitude de axuda fóra do prazo establecido será causa de inadmisión.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nas presentes bases, requirirase á persoa interesada para que o subsane nun prazo máximo e improrrogable de 3 días hábiles, indicándosele que se non o fixera se lle terá por desistido da súa solicitude.

Poderá presentarse unha única solicitude por EMPRESA ou persoa traballadora por conta propia. A solicitude deberá cumprimentarse na súa totalidade. Os datos non aportados, total ou parcialmente, non serán tidos en conta a efectos de valoración.

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días hábiles** desde a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

12º.- DEBER DE INFORMACIÓN NO TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

De conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos, infórmase que os datos persoais facilitados polos solicitantes que participan neste proceso de solicitude de axudas, ou no seu caso, polos que resulten adxudicatarios serán tratados polo Concello de Folgoso do Courel. Estes datos son recollidos e tratados polo Concello de Folgoso do Courel, coa finalidade

de xestionar o proceso de concesión de axudas e controlar o cumprimento das obrigas indicadas nas presentes bases e todo iso de conformidade coa normativa de contratación do sector público e outras leis administrativas.

A recollida e tratamento destes datos é lícita en base á necesidade de cumprir coas obrigas legais da normativa do sector público e, no seu caso, xestionar a concesión destas axudas, cando resulte adxudicatario. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán comunicados ao Tribunal de Contas e a outros órganos da Administración Estatal ou Autonómica con competencias na materia, así como a outras entidades ou terceiros sempre e cando se cumpran as esixencias establecidas na vixente lexislación de protección de datos. Os datos serán conservados durante os prazos establecidos nas normas do sector público e outras normas que poidan ser de aplicación.

Folgoso do Courel, 9 de xullo de 2021.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2106

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 10 de xuño do 2021, baixo a modalidade de suplemento de crédito, como segue a continuación:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
433.47	Desenvolvemento empresarial. Empresas privadas	20.000
TOTAL GASTOS		20.000

Crédito extraordinario en aplicación de gastos:

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería, nos seguintes termos:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
870	Remanente líquido de tesourería	20.000

Folgoso do Courel, 9 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2107

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 10 de xuño do 2021, baixo a modalidade de suplemento de crédito, como segue a continuación:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
432.632	Ordenación e promoción turística: Edificios e outras construcións.	4.875,28
165.619	Alumeado público:Outras reposición infraestruturas., ben uso xeneral	13.500,00
432.609	Ordenación e promoción turística: Outras inversións nova infraestrutura e ben de uso xeneral.	18.000,00
172.131	Protección e mellora do medio ambiente: Laboral temporal	7.721,24
337.609	Instalacións de ocupación do tempo libre:Outras inversións nova infraestrutura e ben de uso xeneral.	53.049,97
172.22799	Protección e mellora do medio ambiente: Outros traballos realizados por outras empresas.	3.776,50
334.22609	Promoción cultural: Actividades culturais e deportivas.	6.500,00
341.22609	Promoción e fomento do deporte: Actividades culturais e deportivas.	18.150,00
161.609	Alcantarillado: Outras inversións nova infraestrutura e ben de uso xeneral.	10.218,29
160.619	Abastecemento domiciliario de auga potable: Outras reposición infraestruturas., ben uso xeneral.	6.146,26
454.619	Camiños veciñais: Outras inversións reposición infraestruturas, bens uso xeneral.	45.650,00
459.619	Outras infraestruturas . Outras inversións reposición infraestruturas, bens uso xeneral.	20.000,00
TOTAL GASTOS		207.587,54

Suplemento en aplicación de gastos:

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería, nos seguintes termos:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
870	Remanente líquido de tesourería	207.587,54

Folgo do Courel, 9 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa

R. 2108

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 30 de xuño de 2021, adoptou, entre outros o acordo 8/414 MODIFICACIÓN DO ACORDO 22/350 APROBACIÓN BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE DEZ PRAZAS DE OFICIAL DE POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA PROMOCIÓN INTERNA (1 INCLUÍDA NA OEP 2018, 6 INCLUÍDAS NA AMPLIACIÓN DA OEP 2018 E 3 INCLUÍDAS NA OEP 2020), polo que se acorda a aprobación da modificación do acordo 22/350 sobre aprobación das Bases Específicas para o acceso en propiedade a dez prazas de Oficial da Policía local pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda promoción interna (1 incluída na OEP 2018, 6 incluídas na ampliación da OEP 2018 e 3 incluídas na OEP 2020), de xeito que onde di:

“2ª. Non se valorarán as titulacións requiridas para o acceso á categoría de inspector principal, agás que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa requirida ou valorada”.

debe dicir:

“2ª. Non se valorarán as titulacións requiridas para o acceso á categoría de oficial de policía, agás que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa requirida ou valorada”.

Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción

dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 9 de xullo de 2021.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza:Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2109

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 30 de xuño de 2021, adoptou, entre outros o acordo 9/415 MODIFICACIÓN DO ACORDO 9/35 DE BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE DÚAS PRAZAS DE OFICIAL DE POLICÍA LOCAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA PROMOCIÓN INTERNA (2016), polo que se acorda a aprobación da modificación do acordo 9/35 de Bases Específicas para o acceso en propiedade a dúas prazas de Oficial policía local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2016), de xeito que onde di:

“2ª. Non se valorarán as titulacións requiridas para o acceso á categoría de inspector principal, agás que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa requirida ou valorada”.

debe dicir:

“2ª. Non se valorarán as titulacións requiridas para o acceso á categoría de oficial de policía, agás que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa requirida ou valorada”.

Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción

dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 9 de xullo de 2021.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza:Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2110

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2021, aprobou con carácter provisional a modificación de crédito nº 1/2021, na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, financiada mediante superávit-remanente líquido de tesourería. A partir da data de inserción deste anuncio no B.O.P. ábrese un período de exposición ó público do nomeado expediente, de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examina-lo expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non se presentar reclamacións, de conformidade co disposto nos artigos 169.1 e 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a citada modificación crediticia entenderase aprobada con carácter definitivo.

Negueira de Muñiz, 9 de xullo de 2021.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2111

RIOTORTO

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2021, aprobáronse os pregos que rexerán na adquisición de terreos para a construción dunha residencia da terceira idade, que se resumen a continuación:

- 1.- Entidade adxudicataria: Concello de Riotorto.
- 2.- Obxecto do contrato: adquisición de terreos para a construción dunha residencia da terceira idade.
- 3.- Forma de adxudicación: concurso.
- 4.- Presuposto de licitación: 56.000 euros.
- 5.- Garantía: non se esixe.
- 6.- Obtención de documentación e información:

Concello de Riotorto

Praza das Rodrigas, 1, 27744, Riotorto (Lugo)

982 34 62 22

- 7.- Data límite de obtención de información e documentación: último día do prazo de presentación de ofertas.
- 8.- Presentación de ofertas: de conformidade cos Pregos, os dez días naturais seguintes ao da inserción deste edicto no BOP, nas oficinas municipais do Concello de Riotorto.
- 9.- Apertura de documentación e ofertas: segundo se dispón nas cláusulas décimo terceira e décimo cuarta dos Pregos.
- 10.- Criterios de adxudicación: os establecidos na cláusula décima dos Pregos.
- 11.- Custo dos anuncios: a cargo do adxudicatario.

En Riotorto, a 13 de xullo de 2021.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2139

SAMOS

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de data 04 de xuño de 2021, sobre o expediente de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de tesorería, como segue a continuación:

Altas en aplicacións de gastos

Crédito extraordinario:

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
Progr.	Económica		
165	22799	Servizos públicos básicos .Outros traballos realizados por outras empresas ou profesionais	8.470,00
		TOTAL GASTOS	8.470,00

Suplemento de crédito:

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
Progr.	Económica		
342	22799	Producción bens públicos de carácter preferente.Outros traballos realizados por outras empresas ou profesionais	4.000,00
920	22799	Actuacións de carácter xeral .Outros traballos realizados por outras empresas ou profesionais	8.000,00
		TOTAL GASTOS	12.000,00

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Altas en Conceptos de ingresos

ECONÓMICA	Descrición	Euros
Concepto		
870.00	Remanente de Tesourería para gastos xerais	20.470,00
TOTAL INGRESOS		20.470,00

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Samos, 8 de xullo de 2021.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

VIVEIRO

Anuncio

Aprobación dos padróns fiscais de Taxa de Recollida de Lixo e Canon de Auga (2º trimestre do exercicio 2021) e anuncios de cobranza.

Con data de 12 de xullo de 2021 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais :

<u>Obxecto</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Recollida de lixos	2º Trimestre de 2021	309.178,89 €
Canon auga (Xunta)	2º Trimestre de 2021	83.757,33 €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolve no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

ANUNCIOS DE COBRANZA :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **15 de Xullo de 2021 ao 15 de Setembro de 2021**, ambos inclusive.

a) Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de ViAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.

b) Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caxias de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 12 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2140

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DO SOCIAL N.º 1 LUGO***Anuncio*

Dª MARIA JOSE NUÑEZ ABELEDO, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 1 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento DESPIDO/CESES EN GENERAL 17/2021 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D, JORGE ALBERTO RIVERO PEREZ contra la empresa RESTAURANTE BRASERIA DE LEÑA EL CAÑÓN DE LA RIBEIRA SACRA SL, sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

SENTENZA N° 382/2021

Xuíz: Eladio Prieto Bellas.

Lugar: Lugo.

Data: 2 de xuño de 2021.

Demandante: Jorge Alberto Rivero Pérez, asistido por dona Eva Real Serén.

Demandado: Restaurante Brasería de Leña O cañón da Ribeira Sacra.

DECIDO

Estimo a pretensión de declaración de extinción de contrato con data de 2-6-2021 e condena da empresa demandada ao pago de 942,61 euros (data de inicio: 1/9/2020, data de finalización: 2/6/2021, número de días 275, número de meses 10, salario bruto mensual de 1042,58 euros, salario diario de 34,28 euros). Condeno á empresa demandada a estar e pasar polos anteriores pronunciamentos e a pagar ao demandante 4320,53 euros máis 10% de intereses. Condeno á empresa demandada a pagar ao demandante a cantidade de 774,82 euros.

Estimo a pretensión de declaración de improcedencia de despedimento de 7-12-2020 sendo as consecuencias económicas as expresadas no apartado anterior.

Condeno á empresa demandada ao pago de custas procesuais orixinadas no presente proceso, incluíndo honorarios de avogada do demandante ata o límite de 600 euros.

Notifíquese ás partes.

Contra a presente resolución cabe a interposición de recurso de suplicación, para a súa resolución pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que deberá anunciarse dentro dos cinco días seguintes á notificación da sentenza, bastando a mera manifestación da parte ou do seu avogado, graduado social colexiado ou do seu representante, ao facerlle a notificación daquela, do seu propósito de entablarlo. Tamén poderá anunciarse por comparecencia ou por escrito das partes ou do seu avogado ou graduado social colexiado, ou representante ante o xulgado que ditou a resolución impugnada, dentro do indicado prazo.

Ao anunciarse o recurso deberá acompañarse o documento que acredite o ingreso de 300 euros como **depósito** para recurrir no BANCO SANTANDER, na Conta de Depósitos e Consignacións de este Xulgado correspondente ao presente procedemento número 2322-0000-65-0017-21, baixo apercibemento de non dar trámite ao recurso, salvo que o recurrente sexa traballador, os seus causahabentes, beneficiarios da Seguridade Social, o Estado, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais e as Entidades de Dereito Público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes deles, sindicato ou beneficiario do dereito á asistencia xurídica gratuita.

Ademáis, cando a sentenza **condene ao pago de cantidade**, o recurrente que non goce do beneficio de xustiza gratuita deberá acreditar, no momento de anunciar o recurso, haber consignado no BANCO SANTANDER, na Conta de Depósitos e Consignacións de este Xulgado correspondente ao presente procedemento 2322-0000-60-0017-21, a cantidade obxecto da condena, podendo substituírse a consignación en metálico polo aseguramento mediante aval solidario de duración indefinida e pagadeiro ao primeiro requerimento emitido pola entidade de crédito.

No caso de que algún dos anteriores ingresos se verifique mediante transferencia bancaria, ésta deberá dirixirse á conta ES 55 0049 3569 92 0005001274, facendo constar como beneficiario *“JUZGADO SOCIAL NÚM. UNO DE LUGO”*, e como *“concepto”* o número de conta correspondente ao presente procedemento que proceda dos dous mencionados nos dous párrafos que anteceden.

Así o pronuncio e asino.

Y para que sirva de notificación en legal forma a RESTAURANTE BRASERIA DE LEÑA EL CAÑÓN DE LA RIBEIRA SACRA SL, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a nueve de julio de dos mil veintiuno.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2114

Anuncio

D^a MARIA JOSE NUÑEZ ABELEDO, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 1 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento DESPIDO/CESES EN GENERAL 132/2021 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D^a ANTINA LOUMINISTA TSIOMPOTAR contra la empresa RESTAURANTE BRASERIA DE LEÑA EL CAÑÓN DE LA RIBEIRA SACRA SL, sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

SENTENZA Nº 383/2021

Xuíz: Eladio Prieto Bellas.

Lugar: Lugo.

Data: 2 de xuño de 2021.

Demandante: Antina LouministaTsiompotar, asistida por dona Teresa Souto Neira.

Demandado: Restaurante Brasería de leña O Cañon da Ribeira Sacra.

DECIDO

Estimo a demanda. Declaro improcedencia de despedimento de 20-12-2020 podendo optar a demandada, en prazo de cinco días, entre readmisión con abono de salarios de tramitación ou pago de indemnización de 319,24 euros (data de inicio: 8/10/2020, data de finalización: 20/12/2020, número de días: 74, número de meses: 3, salario bruto mensual de 1177,00 euros, salario diario: 38,70 euros). Condeno á demandada a estar e pasar polos anteriores pronunciamentos.

Notifíquese ás partes.

Contra a presente resolución cabe a interposición de recurso de suplicación, para a súa resolución pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que deberá anunciarse dentro dos cinco días seguintes á notificación da sentenza, bastando a mera manifestación da parte ou do seu avogado, graduado social colexiado ou do seu representante, ao facerlle a notificación daquela, do seu propósito de entablarlo. Tamén poderá anunciarse por comparecencia ou por escrito das partes ou do seu avogado ou graduado social colexiado, ou representante ante o xulgado que ditou a resolución impugnada, dentro do indicado prazo.

Ao anunciarse o recurso deberá acompañarse o documento que acredite o ingreso de 300 euros como **depósito** para recurrir no BANCO SANTANDER, na Conta de Depósitos e Consignacións de este Xulgado correspondente ao presente procedemento número 2322-0000-65-0132-21, baixo apercibemento de non dar trámite ao recurso, salvo que o recurrente sexa traballador, os seus causahabentes, beneficiarios da Seguridade Social, o Estado, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais e as Entidades de Dereito Público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes deles, sindicato ou beneficiario do dereito á asistencia xurídica gratuíta.

Ademais, cando a sentenza **condene ao pago de cantidade**, o recurrente que non goce do beneficio de xustiza gratuíta deberá acreditar, no momento de anunciar o recurso, haber consignado no BANCO SANTANDER, na Conta de Depósitos e Consignacións de este Xulgado correspondente ao presente procedemento 2322-0000-60-0132-21, a cantidade obxecto da condena, podendo substituírse a consignación en metálico polo aseguramento mediante aval solidario de duración indefinida e pagadeiro ao primeiro requerimento emitido pola entidade de crédito.

No caso de que algún dos anteriores ingresos se verifique mediante transferencia bancaria, ésta deberá dirixirse á conta ES 55 0049 3569 92 0005001274, facendo constar como beneficiario *"JUZGADO SOCIAL NÚM. UNO DE LUGO"*, e como *"concepto"* o número de conta correspondente ao presente procedemento que proceda dos dous mencionados nos dous párrafos que anteceden.

Así o pronuncio e asino.

Y para que sirva de notificación en legal forma a RESTAURANTE BRASERIA DE LEÑA EL CAÑON DE LA RIBEIRA SACRA SL, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a nueve de julio de dos mil veintiuno.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2115

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/34808-1

Carmen Cienfuegos-Jovellanos Navia-Osorio, con D.N.I.***8386**, solicita autorización para efectuar la plantación dentro de la zona de policía, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Rego Seco y Arroyo innominado

MARGEN / RIBERA: izquierda y ambas

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A TALAR: 400 robles, 840 castaños, 1600 eucaliptos y 7200 pinos

LUGAR: Parcelas 531 y 549 del polígono 109

PARROQUIA: Mougán (Santa María Madanela)

TÉRMINO MUNICIPAL: Guntín

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 9 de julio de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2116
